



 **Entrevistamos a...**



**Dolores García**  
Alcaldesa de Cervo

**“Estamos inmersos en sensibilizar sobre o uso do contedor marrón”**

[Ler máis...](#)



**Sofía Vázquez**  
Mulleres Colleiteiras

**“Queremos poner en valor la fortaleza de la mujer y su contribución”**

[Ler máis...](#)

 **Editorial**



**Javier Domínguez**  
Presidente de Sogama

**“Transición ecolóxica e xusta”: para quen?**

[Ler máis...](#)

 **Mundo SOGAMA**

**Rueda visitou a nova planta de biorresiduos de Vilanova de Arousa**



A planta de biorresiduos de Vilanova de Arousa, en Pontevedra, empezará a funcionar este mes de decembro, tal como anunciou o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, durante a súa visita ás instalacións o

pasado 4 de novembro. Esta infraestrutura dará servizo a 26 concellos e conta cun investimento público de 15,8 millóns de euros.

[Ler máis...](#)

 **Actualidade**

Sogama reduce o depósito directo de residuos no vertedoiro en case a súa totalidade



Dúas novas plantas para a valorización da materia orgánica

Novas infraestruturas para a compostaxe


[Ler máis...](#)

 **Multimedia**

Nova campaña de Sogama



A Terra afógase en CO<sub>2</sub>



Salvemos os océanos



[Ver máis...](#)

 **Eventos**

Expertos en solos de todo o mundo visitan Sogama

Socios de Ecoembes visitan ás plantas de clasificación de envases lixeiros

[Máis eventos...](#)

 **Curiosidades**

Teléfonos máis duradeiros e eficientes

Novo Regulamento sobre baterías da UE

[Máis curiosidades...](#)

 **Receitario**



**Que comes hoxe?**

Pan de pita con acelgas, feixóns e champiñóns

[Ver receita...](#)

# Editorial



## “Transición ecolóxica e xusta”: para quen?

Un ano agrídoce. Así cualificaría este 2023 que xa entra no seu tramo final.

Doce, porque conseguimos cumprir en prazo o encargo da Xunta de poñer en marcha unha rede de infraestruturas para a valorización de materia orgánica, conformada por 4 plantas de biorresiduos e 13 de transferencia de apoio. Todo un reto que acadamos malia as numerosas trabas que nos atopamos no camiño, derivadas fundamentalmente da escaseza de materias primas, os altos prezos enerxéticos e unha elevada inflación que parece non decaer. A esta rede, deseñada pola Xunta de Galicia para axudar aos concellos, que son os que teñen as competencias en materia de residuos, a cumprir coa lexislación europea e que lles obriga a implantar a recollida diferenciada da materia orgánica antes do 31 de decembro de 2023, destinouse un investimento de 45 millóns de euros, dos cales 30 millóns proceden dos Fondos FEDER-REACT como resposta da Unión Europea á crise do COVID-19.

E un ano amargo, porque as decisións do Goberno de España lesionaron seriamente as contas desta Sociedade pública autonómica: impostos á incineración e á vertedura que Sogama tivo que soportar directamente polo mero feito de levar a cabo un tratamento previo dos residuos co ánimo de recuperar todo aquilo que poida ser reciclable. Dado que neste proceso xeramos unha fracción de rexeitamentos, a norma cualifica esta entidade como produtora de refugallos. A pregunta que calquera pode facerse resulta obvia: teríamos saído beneficiados se, en lugar de separar a parte reciclable para enviar á industria transformadora, todo o residuo se tivese valorizado enerxéticamente? Todo apunta a que si. Onde está entón a aposta do goberno central polo principio dos tres erres? Pois o resultado deste desatino é un impacto económico para as contas de Sogama de máis de 9,3 millóns de euros. Pero aínda hai máis, xa que o Estado tamén eliminou a retribución ao investimento na planta termoeléctrica e reduciu

a correspondente á operación da planta de coxeración. En total, esta compañía deixará de percibir por estes dous últimos conceptos máis de 14 millóns de euros.


E todo apunta a que o Goberno non quedará aquí, senón que continuará asfixiando ás empresas que velan pola protección do medio ambiente a través da xestión sostible dos residuos, e farao baixo a denominada “transición ecolóxica e xusta”. Para quen?

[Editorial en castelán](#)

### Presidente

Javier Domínguez Lino

# Entrevistamos a...



**Dolores García**

Alcaldesa de Cervo (Lugo)



## “Estamos inmersos en promover e sensibilizar á veciñanza sobre o uso do contedor marrón”

O Concello lucense de Cervo foi un dos elixidos para acoller unha das catro plantas públicas de biorresiduos promovidas pola Xunta de Galicia e executadas por Sogama. A instalación, que trata a materia orgánica recollida de forma diferenciada a través do contedor marrón para a súa transformación en compost, dará servizo a outros catorce concellos da área de influencia. A alcaldesa da localidade, Dolores García, confía en que cada vez sexan máis os veciños e veciñas que se sumen ao bo uso deste novo recipiente.

### **Cervo tivo a ben acoller no seu momento unha planta pública de biorresiduos equipada coas últimas tecnoloxías. Que representa esta instalación para a localidade?**

Penso que é moi positivo para o noso Concello que esta planta estea situada no noso termo municipal. Dispoñemos de solo industrial para elo, e nunha zona como é o Polígono de Cuiña, que non interfere para nada no día a día da veciñanza. Ademais, atópase no corazón da Mariña, polo que desde Cervo ofrécese este servizo a tódolos municipios veciños. Estamos moi satisfeitos por elo, e agora o que agardamos é que teña moita actividade.

### **Ademais, tamén foi o primeiro concello en estreir esta instalación. Como foi o proceso de implantación do contedor marrón?**

Instalamos unha vintena de contedores marróns en puntos estratéxicos do municipio, para facilitarlle a tarefa á veciñanza o

máximo posible. Levamos un rexistro de tódalas persoas que se van sumando, que reciben unha chave para poder acceder aos contedores marróns de maneira individualizada.

### **Que tipo de campañas se levaron a cabo? Cal está a ser a resposta da veciñanza?**

Editamos uns dípticos informativos que fixemos chegar a tódolos fogares, nos que se ofrece toda a información sobre a reciclaxe da materia orgánica, a situación dos colectores, e se detalla que tipo de restos se pode depositar neles. A concienciación leva o seu tempo, pero tralas primeiras recollidas puidemos constatar que imos no camiño correcto, e a veciñanza está a responder. Cada día temos novas solicitudes para poder facer uso dos colectores marróns.

### **Cervo tamén é todo un exemplo a seguir no ámbito da compostaxe doméstica. Cantos composteiros teñen funcionando nestes momentos e que valoración fan dos mesmos os usuarios?**

## “A concienciación leva o seu tempo, pero tralas primeiras recollidas puidemos constatar que imos no camiño correcto.”

Así é, comezamos coa campaña no ano 2010 e, a día de hoxe, máis de 300 familias teñen un composteiro no seu fogar. Polo que nos transmiten os veciños que o teñen, están moi satisfeitos xa que, ademais da achega medioambiental evidente, obteñen un abono natural moi proveitoso para as súas hortas ou xardíns.

### **Sabemos que están moi implicados en todo o que ten que ver coa limpeza dos espazos públicos e especialmente sensibilizados co bo estado das**


## Entrevistamos a...

### praías. Que accións levan a cabo e que resultados están a acadar?

De xeito periódico organizamos encontros co tecido asociativo e coa comunidade escolar, para realizar a limpeza dos nosos areais, e logo identificar os restos para a súa reciclaxe. É un xeito de manter os nosos espazos naturais en condicións, de sensibilizar e crear conciencia sobre a problemática dos lixos mariños. A verdade é que, cada vez que programamos unha xornada deste tipo a resposta é extraordinaria.

### Algún proxecto medioambiental a curto-medio prazo?

Agora mesmo, estamos inmersos de cheo en promover, fomentar e sensibilizar á veciñanza sobre o uso do contedor marrón, e a reciclaxe da materia orgánica. Este é o reto máis inmediato que temos.



O concello de Cervo realiza campañas de divulgación sobre o bo uso do contedor marrón.



O presidente de Sogama, a alcaldesa de Cervo, a tenente de alcaldesa, o concelleiro de Innovación, Emprendemento e Zona Rural acompañados de persoal da planta de biorresiduos, durante a primeira entrega de materia orgánica por parte do Concello.



# Entrevistamos a...



**Sofía Vázquez**

Responsable comercial de la  
Cooperativa Gallega Mulleres  
Colleiteiras

## “Queremos poner en valor la fortaleza de la mujer, su contribución al empleo, al desarrollo social y al cuidado del medioambiente”

**La mujer está cada vez más presente en todos los ámbitos empresariales y el del sector de los residuos no se queda atrás. Un ejemplo es la cooperativa gallega Mujeres Colleiteiras, formada por mujeres en situación de vulnerabilidad y cuya función va más allá de la ambiental, desempeñando también un importante papel social.**

### ¿Cómo nació y se gestó esta cooperativa y en qué contexto?

El proyecto se gestó en el año 2013, gracias al apoyo de *Arquitectos Sin Fronteras*, que vio la necesidad de regular y dignificar el trabajo que llevaban a cabo mujeres del área de A Coruña en situación de vulnerabilidad y dedicadas a la recogida y recuperación de residuos tales como papel, cartón, envases, chatarra, etc.

Dado que, en aquel momento, no había una recogida diferenciada del aceite doméstico fuera de uso, en 2015 se puso en marcha la cooperativa para gestionar correctamente este residuo y ponerlo en valor; un trabajo que aportaría autonomía, independencia económica e integración sociolaboral a varias mujeres.

### ¿Cuál es la labor de esta organización y qué ámbito geográfico abarca?

Nosotras asumimos la gestión, el transporte y la revalorización del aceite doméstico usado, y lo hacemos en la zona de las Rías

altas de Galicia. Actualmente gestionamos aproximadamente 50.000 litros anuales; pero a partir de marzo de 2024, abarcaremos toda la comunidad gallega.

### ¿Cómo es el tratamiento que llevan a cabo del aceite doméstico?

El aceite que recogemos en distintos municipios, incluyendo escuelas, centros comerciales, restaurantes y otras entidades, se transporta a nuestras dependencias, situadas en el Polígono de Iñás, en Oleiros (A Coruña). Allí el residuo se deposita en una mesa, se separa el agua y los restos orgánicos, y el material resultante se somete a decantación durante 16 horas, a una temperatura máxima de 50°C, logrando una pureza del 97,7%. El material se convierte en biodiésel, que luego se comercializa.

### ¿Está concienciada la ciudadanía sobre el impacto ambiental que supone tirar el aceite usado doméstico por el fregadero o con el resto de la basura?

**“Actualmente gestionamos aproximadamente 50.000 litros anuales; pero a partir de marzo de 2024, abarcaremos toda la comunidad gallega.”**

Todavía queda mucho por hacer. Es necesario reforzar la información, la formación y la concienciación, ya que, además de separar el aceite doméstico en el hogar, éste debe ser introducido en el contenedor correspondiente (de color naranja), en botellas plásticas cerradas. Si los usuarios utilizan botellas de vidrio, al manipularlo puede romperse, lo que conlleva un riesgo para quien lo está tratando.



## Entrevistamos a...

**Además de la recogida de este residuo en distintos concellos, han formalizado convenios con diversas entidades. ¿Qué valoración hace de los mismos?**

Muy positiva. Hemos cerrado acuerdos con entidades vinculadas al transporte, a la cultura y, por supuesto, al ámbito social, que nos han ayudado especialmente en nuestro cometido y han contribuido, en gran medida, a darnos visibilidad. Agradecemos su apoyo a nuestra causa y confiamos en que estos acuerdos y colaboraciones se mantengan en el tiempo.

**¿Hacia dónde avanza la cooperativa Mulleres Colleiteiras?**

Hacia el crecimiento y la expansión. Queremos llevar nuestro servicio a toda Galicia y, además, queremos servir de ejemplo a otras entidades sociales. Nuestra cooperativa está formada por 8 mujeres de edades comprendidas entre los 23 y los 48 años. Somos un equipo joven y con capacidad de superación. Queremos poner en valor la fortaleza de la mujer y su contribución a la creación de empleo y, por supuesto, a la protección del medio ambiente, al bienestar social y a la salud pública.



El aceite se trata en la planta de la cooperativa situada en Oleiros (A Coruña).



Parte de las integrantes del equipo de la Cooperativa Gallega Mulleres Colleiteiras.

🏠 [Volver á portada](#)

6



# Mundo SOGAMA

## A planta de biorresiduos de Vilanova de Arousa estará operativa a partir deste mes de decembro

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, anunciou a súa posta en marcha durante unha visita ás instalacións, o pasado mes de novembro



Alfonso Rueda durante a súa visita ás instalacións da planta de biorresiduos en Vilanova de Arousa, que dará servizo a 26 concellos.

A planta de biorresiduos de Vilanova de Arousa (Pontevedra) comezará a funcionar este mes de decembro, segundo o anunciou o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, durante a súa visita ás instalacións, o pasado 4 de novembro.

A infraestrutura dará servizo a 26 concellos, cunha poboación total de 327.000 habitantes, e conta cun investimento público de 15,8 millóns de euros, segundo o comunicou o presidente. Ademais, destacou que esta "é a planta de compostaxe máis importante que vai haber na provincia de Pontevedra".

Esta infraestrutura ten capacidade para tratar 15.000 toneladas anuais de materia orgánica e outras 7.000 toneladas de material estruturante, como podas ou restos de madeira. Ademais, a planta integra todas as fases do proceso de compostaxe dos residuos orgánicos (desde o pretratamento e fermentación, ata a maduración e almacenamento), prevendo que produza cada ano unhas 6.000 toneladas de compost de alta calidade que será usado na agricultura e xardinería, en substitución de fertilizantes artificiais.

### Galicia adáptase á normativa

A partir do 31 de decembro deste ano 2023, a normativa europea obriga aos concellos a recoller de forma diferenciada a materia orgánica (a través de contedores marróns e sistemas de compostaxe doméstica ou comunitaria).

Neste contexto, e co obxectivo de dar debido cumprimento á lexislación, A Xunta leva investidos 45 millóns de euros na posta en marcha dunha rede de infraestruturas destinadas á valorización da materia orgánica e conformada por 17 instalacións (4 plantas de biorresiduos, entre as que se atopa a de Vilanova de Arousa, e 13 plantas de transferencia de apoio).



# Actualidade

## En 2022 Sogama conseguiu reducir o depósito directo de residuos no vertedoiro en case a súa totalidade

Nos últimos 15 anos, a empresa pública logrou diminuír aproximadamente un 100% a vertedura directa de refugallos, ata representar apenas un 0,3% do total procesado na planta



Vertedoiro de Areosa (Cerdeira).

Grazas ás melloras acometidas por Sogama para acadar unha xestión cada vez máis eficiente dos residuos municipais procedentes do 94% dos concellos de Galicia, e contribuír a unha maior concienciación cidadá, a empresa logrou reducir nos últimos 15 anos, e de forma notable, o depósito directo de refugallos (sen tratamento previo) no vertedoiro. En concreto, se en 2008 un total de 438.379 toneladas de residuos acabaron no vertedoiro de Areosa,

esta cantidade viuse diminuída o ano pasado a tan só 2.016 toneladas, un 99,54% menos. Esta evolución tamén se reflicte no peso que ten a vertedura directa sobre o total de desperdicios procesados en Sogama, de xeito que, se hai máis dunha década representaba un 49,2%, en 2022 tan só supuxo o 0,3%. Así mesmo, cabe indicar que, co plan estratéxico da empresa para o período 2024-2030, a compañía seguirá apostando pola eficiencia

a través da innovación e a dixitalización, da descarbonización dos seus procesos e da economía circular. Deste xeito pasará de ser unha empresa de xestión e tratamentos de residuos a ser unha organización xeradora de recursos, poñendo en valor os residuos a través da súa compostaxe, reciclaxe e recuperación enerxética, no caso da parte non reciclable.





## Actualidade

# Dúas novas plantas de transferencia na rede de infraestruturas para a valorización da materia orgánica

Cun investimento aproximado de 3,6M€, as plantas da Lama e Curtis intégranse na rede de infraestruturas promovida pola Xunta, e executada por Sogama, para a compostaxe da materia orgánica



O presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino (o segundo pola dereita), acompañado polo alcalde da Lama, David Carrera Cal (o primeiro pola dereita) durante unha visita á nova planta de transferencia da Lama.

As plantas de transferencia da Lama (Pontevedra) e de Curtis (A Coruña) incorpóranse á Rede de Infraestruturas para a valorización da materia orgánica promovida pola Xunta e executada por Sogama. A da Lama, que contou cun investimento superior aos 1,8 M€, localízase no polígono industrial de Racelo e substitúe á microplanta que, durante anos, operou neste municipio. A nova instalación ten capacidade para 8.678 toneladas anuais e dará servizo a 8 concellos (23.119 habitantes), podendo transvasar as tres fraccións de residuos que se atopan baixo a competencia de Sogama: bolsa amarela, negra e marrón.

O alcalde de Curtis, Javier Caínzos (primeiro pola dereita), seguido do presidente de Sogama (segundo pola dereita) e representantes da empresa contratista.

A de Curtis, situada no polígono industrial de Teixeira, tamén conta cun investimento de máis de 1,8M€ e, ao igual que no caso anterior, substituirá á antiga microplanta, gañando en capacidade (ata 17.000 toneladas/ano), eficiencia e

funcionalidade.

Ámbalas dúas plantas autoabastécense enerxéticamente con paneis solares, fomentando deste xeito o uso das enerxías renovables para facer fronte ao cambio climático.



[Volver á portada](#)



## Actualidade

# Instalacións para a compostaxe da materia orgánica nas provincias de Ourense e Pontevedra

O presidente de Sogama, Javier Domínguez, mantivo reunións cos presidentes das Deputacións de Pontevedra e Ourense, para analizar a situación e as necesidades das infraestruturas para a valorización da materia orgánica en ambas as dúas provincias

Javier Domínguez reuniuse en novembro cos presidentes das Deputacións de Ourense e Pontevedra a fin de analizar a situación da rede pública de infraestruturas coas que contarán as dúas provincias para valorizar, mediante a súa transformación en compost, a materia orgánica recollida de forma diferenciada a través do contedor marrón. O obxectivo de Sogama é que, a práctica totalidade dos concellos adscritos ao seu sistema de xestión, dispoñan dunha planta de biorresiduos ou de transferencia a menos de 50 km de distancia, o que propiciará un aforro de custos económicos para as arcas locais, e tamén medioambientais debido ao menor transporte de residuos por estrada e a conseguinte diminución de emisións de CO2 á atmosfera. No caso de Ourense, Domínguez e o presidente da Deputación, Luís Menor, falan sobre a planta de biorresiduos da que dispón a provincia, que está situada na localidade de Verín (polígono industrial de Pazos) e que xa se atopa a disposición dos 22 concellos da súa área de influencia, cunha poboación de 48.000 habitantes. No encontro, tamén abordaron a reforma das dúas plantas de transferencia de apoio (San Cibrao



O presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino co presidente da Deputación de Ourense, Luís Menor.

das Viñas e A Rúa) ás que se dotou dunha tolva específica para transvasar a fracción orgánica contida nos residuos para ser transportada posteriormente á planta de tratamento. No referente á provincia de Pontevedra, segundo a reunión mantida co presidente da Administración provincial, Luís López, disporá de seis instalacións públicas, polo que a planta de

biorresiduos de Vilanova de Arousa estará apoiada por cinco plantas de transferencia: dúas de nova construción (A Lama e Arbo) e tres sometidas a remodelación (Silleda, O Porriño e Vigo). Nas dúas reunións, Domínguez Lino ofreceu colaborar nas campañas de formación e concienciación relativas á recollida separada da materia orgánica, tanto no eido da compostaxe doméstica coma na industrial.



O presidente de Sogama, Javier Domínguez reunido co presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López.

[Volver á portada](#)

10



## Actualidade

### Excelente calidade da primeira entrega de materia orgánica na planta de biorresiduos de Cervo

Os resultados das caracterizacións realizadas por unha firma independente, apuntan a máis dun 98% de elementos propios e a tan só un 1,79% de impropios

Os resultados da caracterización correspondente á primeira entrega de materia orgánica procedente do Concello de Cervo na planta de biorresiduos de Sogama, en Cuiña, evidencian unha calidade excelente ao contabilizar un 98,21% de elementos propios (residuos de carácter orgánico) e tan só un 1,79% de impropios (algunha bolsa plástica e algunha botella de vidro).

As mostraxes realizadas por unha firma independente avalan o traballo previo de contenerización, dotación de medios e loxística despregada polo ente local.



Así mesmo tamén poñen de manifesto o esforzo en información, formación e concienciación social desenvolvido no termo municipal, co fin de que a veciñanza utilice axeitadamente o contedor marrón e leve a cabo unha correcta selección da materia orgánica en orixe. Para o presidente de Sogama, Javier Domínguez, os datos desta primeira mostraxe veñen a

corroborar o bo traballo realizado polo equipo de goberno e os veciños e veciñas da localidade. Cabe lembrar que Cervo foi o primeiro concello que entregou os seus biorresiduos na planta de compostaxe, asumindo deste xeito o seu compromiso coa recollida diferenciada da materia orgánica, e polo tanto, co cumprimento da lexislación europea vixente.

### Mirta Sueiro, enxeñeira referente da Universidade de Santiago de Compostela

A figura da directora xeral de Sogama forma parte dunha exposición dispoñible na Facultade de Enxeñaría Química



Con motivo do Día Internacional da Muller na Enxeñaría, a Facultade de Enxeñaría Química da Universidade de Santiago de Compostela (USC) acolle unha exposición na que, entre outros perfís, resalta a figura da directora xeral de Sogama, Mirta Sueiro.

O obxectivo da actividade é mostrar como esta disciplina pode contribuir á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), á vez que colabora na visibilización do importante labor que as mulleres desempeñan neste sector.

Enxeñeira Química pola USC, e enxeñeira técnica industrial pola Universidade de Vigo, Mirta Sueiro

desenvolveu boa parte da súa carreira profesional no sector enerxético, concretamente en Barcelona, Madrid e Europa. Dende hai un ano, o seu ámbito laboral atópase en Galicia, onde busca achegar o seu coñecemento "e experiencia para contribuir á transición da comunidade galega cara a un modelo de economía circular".

No seu panel de presentación, que forma parte da exposición referenciada, explica que estudou enxeñaría química pola súa clara

Mirta Sueiro, directora xeral de Sogama, figura destacada na exposición da Universidade de Santiago de Compostela.

vocación para resolver problemas e unha gran curiosidade polo coñecemento, que vai máis aló da evidencia. Considera que, no ámbito da enxeñaría, a muller achega, entre outras cualidades, enxeño, esforzo, intelixencia emocional e unidade, algo imprescindible para que a sociedade poida crecer e evolucionar.

🔄 **Volver á portada**

11



## Actualidade

# Sogama aposta pola transición dixital para mellorar a súa competitividade

A compañía busca aumentar a calidade e eficiencia dos seus procesos industriais e administrativos, contando para isto co asesoramento de firma galega INOVALABS DIGITAL, S.L especializada na adopción, aproveitamento e aplicación das novas tecnoloxías dixitais en contornas empresariais. Co obxectivo de avanzar cara unha prestación máis eficiente e áxil de servizos, Sogama aborda a transformación dixital como garantía de calidade nos seus procesos internos e externos a nivel empresarial. Así mesmo, o novo modelo tecnolóxico suporá unha maior precisión na recompilación dos datos da súa actividade, que poderán ser tratados cun alto índice de rigor e fiabilidade.

A dixitalización da operativa de Sogama, máis aló do propio labor industrial, oriéntase tamén á xeración, recompilación, tratamento e explotación de todos os datos relativos ao circuíto que segue o residuo: desde a súa entrada nas instalacións ata a súa recuperación, contemplando, ao mesmo tempo, a enerxía consumida e producida durante o proceso.

Co novo modelo de xestión dixital, a compañía tamén busca centralizar a documentación interna, o que facilitará o traballo e a comunicación entre os departamentos.



## R - DIXITAL Plan de Transformación Dixital

### Solucións tecnoloxías específicas

O traballo desenvolverase en varias fases, que contemplan, en primeira instancia, a definición das necesidades e o desenvolvemento de estratexias específicas, seguida da selección e implementación de solucións tecnolóxicas adaptadas

ás necesidades detectadas (software, hardware, plataformas de análise de datos, solucións na nube, etc.) Tamén se está a abrir un período de formación e capacitación do equipo humano nas novas ferramentas tecnolóxicas adoptadas pola compañía.



## Actualidade

## Sogama lidera un proxecto europeo de transformación dixital para a clasificación de residuos de envases

O proxecto, GRESINT, enmárcase na terceira convocatoria do Programa Interreg España-Portugal, no que tamén participan o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC) da Universidade da Coruña, a Asociación de Municipios para Xestión Sustentable de Residuos do Grande Porto (LIPOR) e a Universidade de Beira Interior de Portugal



O proxecto permitirá introducir no ciclo produtivo materiais recuperados de alta calidade que substituirán aos vírxes, conforme aos preceptos da economía circular.

Sogama resultou adjudicataria dun proxecto europeo financiado con Fondos FEDER que, baixo o acrónimo de GRESINT, está orientado á transformación dixital intelixente no proceso de recollida e clasificación de residuos de envases. En concreto, o proxecto foi elixido no marco da terceira convocatoria do Programa Interreg España-Portugal (POCTEP 2021-2027) e conta cunha dotación de 787.544,67 euros a executar durante tres anos. Ademais de Sogama, en calidade de

líder e beneficiario principal, forman parte desta iniciativa, o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC) da Universidade da Coruña (no caso de Galicia), a Asociación de Municipios para a Xestión Sostible de Residuos de Grande Porto (LIPOR) e a Universidade de Beira Interior (UBI), no caso de Portugal. O proxecto pretende mellorar o proceso de clasificación de envases, a través de tecnoloxías intelixentes, e contribuír a alcanzar os obxectivos

europeos de reciclaxe. Con tal fin, contempla tres pilotos nas plantas de Sogama e LIPOR, orientados a optimizar a sensorización, dotalas dunha capa de intelixencia artificial e incorporar a robotización. Adicionalmente, inclúe a creación dun Aula virtual de sensibilización tecnolóxica no ciclo da xestión dos residuos, a elaboración dunha guía técnica do proceso de transformación dixital no sector da xestión de residuos, así como pímulas audiovisuais.



## Actualidade

## 26 centros escolares de primaria e educación especial participan no programa “Recíclate con Sogama”

No período 2023 -2024 a iniciativa chega á súa décimo terceira edición no marco do Plan Proxecta da Xunta de Galicia



A nova edición do programa inclúe como novidade a incorporación do contedor marrón para a selección de materia orgánica.

Un total de 26 centros escolares de primaria e educación especial das catro provincias galegas participan na edición 2023-2024 do programa educativo “Recíclate con Sogama”, que ten por obxectivo fomentar a reciclaxe nas aulas e poñer en práctica o principio dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe)

10 centros da provincia de Pontevedra, 5 da de Lugo, 4 da provincia da Coruña e 7 de Ourense, recibiron os medios didácticos e materiais necesarios, para executar os seus proxectos,

entre os que destacan as illas de reciclaxe. Cada unha destas está conformada por catro contedores con capacidade para 120 litros: amarelo, para envases de plástico, latas e briks; azul, para papel e cartón; verde, para a fracción de resto ou non reciclable; e marrón, para a materia orgánica.

A inclusión do contedor marrón representa unha novidade no programa, e busca colaborar cos concellos para que estes se adapten á nova lexislación europea.

### O programa

“Recíclate con Sogama” comezou coa primeira visita de educadores especializados aos colexios, continuará cunha formación presencial ao alumnado e proseguirá con visitas de seguimento.

No mes de maio inspeccionaranse os contedores para proceder a caracterización do seu contido e analizar o bo uso da illa. Finalmente os centros deben presentar unha memoria a través da aplicación informática do Plan Proxecta, que será avaliada segundo os criterios establecidos no programa.

<https://www.sogama.gal/gl/reciclate-con-sogama>

[Volver á portada](#)

14



## Actualidade

### A compostaxe doméstica afiánzase en Galicia

Ante o aumento da demanda veciñal, preto dunha decena de concellos solicitaron a Sogama ampliar este programa a novas vivendas

Aumentan os municipios galegos que optan pola compostaxe doméstica como alternativa para valorizar os residuos orgánicos. Proba disto é a crecente demanda de composteiros a Sogama, para distribuír entre a veciñanza interesada en aproveitar os refugallos como abono. Con esta acción, as Administracións locais promoven o principio de proximidade na xestión dos desperdicios orgánicos, que consiste en que estes sexan tratados no propio lugar de xeración, poñendo á súa disposición os composteiros, que permiten que o proceso se leve a cabo dunha forma hixiénica, cómoda e eficiente. Por este motivo, Sogama repartiu, nos últimos meses, máis de 300 composteiros entre os concellos de Frades, Cabanas, Vilarmador, Cerceda, Cedeira, A Pobra do Caramiñal, Malpica, Burela e Arbo. Cada un dos municipios recibiu diversas partidas de composteiros, con capacidade para 400 litros e fabricados con materiais reciclados e reciclables, para entregar en vivendas unifamiliares que dispoñan de terreo no que aplicar o compost resultante. Ademais, dado que a materia orgánica representa en torno ao 40% da composición total dunha bolsa de lixo tipo, se esta se recupera nos propios fogares, evítase o seu depósito no contedor, polo que se contribúe a reducir custos, tanto económicos como medioambientais.

#### Apoio didáctico

Xunto cos recipientes, Sogama tamén subministróu manuais didácticos de apoio para que as persoas usuarias dispoñan dunha guía que lles permita elaborar un compost de calidade. Na mesma, detállanse os pasos a seguir: desde a propia localización do composteiro, ata a relación de materiais que poden e non poden depositarse no mesmo.



Sogama repartiu máis de 300 composteiros entre nove concellos.



[Consulta máis información sobre a compostaxe doméstica](#)

[Volver á portada](#)

15



# Multimedia

## O futuro da nosa contorna depende de nós

Esta campaña, promovida por Sogama, busca transmitir, dunha forma sinxela, resumida e áxil, os residuos que deben e non deben depositarse en cada un dos contedores habituais nas rúas dos 295 concellos que están adscritos ao sistema de xestión promovido por Sogama, implicando á cidadanía para promover boas prácticas na separación e recollida selectiva de residuos.

Apelando á necesidade de que cada persoa contribúa co seu pequeno esforzo a garantir un mundo mellor, enviáronse a centros educativos e a entes locais carteis nos que se identifica, de forma esquemática e con debuxos, os principais materiais a introducir en cada contedor. O cartel está acompañado dun folleto dixital no que se detalla como clasificar os refugallos en orixe e a que recipiente deben ir. A pretensión desta iniciativa é axudar aos entes locais a mellorar as súas taxas de reciclaxe, o que contribuirá a



unha maior protección do medio ambiente e a saúde pública, á redución do consumo de materias


primas virxes e á redución de emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera, sen esquecer o aforro económico.

[Acceso directo á campaña](#)

## A NASA amosa como a Terra se está afogando en CO<sub>2</sub>

A NASA amosa nun vídeo como e onde se orixina o dióxido de carbono que se engade á atmosfera. Dacordo coas imaxes, a acumulación de CO<sub>2</sub> no planeta reflíctese principalmente no hemisferio norte e desprázase cara o sur co paso do tempo.

[Ver o vídeo](#)



[Volver á portada](#)

16





## Multimedia

### Salvemos os océanos

A campaña #SalvemosLosOcéanos promovida por Nacións Unidas, ten por obxecto difundir boas prácticas e motivar ás persoas a actuar en favor dos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible) e axudar a preservar a vida dos nosos océanos.


[Ver o vídeo](#)



### Desmontando o mito de que reciclar non serve para nada

Cun pouco de humor e, "coa axuda especial de Ryan Gosling", abordamos nas nosas redes sociais o mito de que "reciclar non serve para nada porque todo acaba no mesmo sitio".

[Ver o vídeo](#)



### Esas pilas que tanto duran...

Seguindo cunha boa dose de humor, e esta vez da man dos Simpsons, poñemos o foco na reciclaxe das pilas para previr verteduras e contaminación, axudar a conservar os recursos naturais e protexer a saúde pública.

[Ver o vídeo](#)



[Volver á portada](#)

## Multimedia

### Cando son o que máis sabe de reciclaxe

A ritmo dunha canción viral en redes sociais, visibilizamos o traballo de Sogama na posta en marcha de programas, campañas e diferentes recursos para fomentar o coñecemento sobre a reciclaxe e divulgar unha cultura medioambientalmente respectuosa.


[Ver o vídeo](#)



### Transformación de contedores marítimos en cociñas amigables co medio ambiente

En O Salvador, o Programa Mundial de Alimentos, xunto co Ministerio de Educación, Ciencia e Tecnoloxía do país, puxeron en marcha un proxecto piloto denominado "Kitchen in a Box" (KIAB). Trátase dunha solución intelixente que transforma contedores marítimos en cociñas amigables co medio ambiente co fin de preparar comida saudable para os estudantes de escolas públicas.

[Ver o vídeo](#)



[Volver á portada](#)

# Eventos



## Expertos en solos de todo o mundo visitan as instalacións de Sogama

A principios de setembro, científicos e expertos en solos de países como Xapón, China, Francia, República Checa, Alemaña, Rusia, México e Chile, entre outros, coñeceron as instalacións de Sogama. A visita enmarcouse na XII Conferencia Internacional

SUITMA (Solos en Áreas Urbanas, Industriais, de Tráfico, Mineiras e Militares), organizada nesta edición polo Departamento de Ciencia do Solo e Química Agrícola da Universidade de Santiago de Compostela.

O presidente de Sogama, Javier Domínguez, agradeceu o interese do grupo de expertos en coñecer a actividade da empresa e puxo de relevo os esforzos investidos por esta para protexer a contorna e contribuír ao desenvolvemento sostible da comunidade.

## Entidades adheridas a Ecoembes interésanse polo proceso de clasificación de envases de Sogama

Representantes de entidades adheridas a Ecoembes, como Finsa, Leite Celta, Mercadona e a Confederación de Empresarios da Coruña, visitaron o pasado mes de setembro o Complexo Industrial de Sogama, para coñecer o funcionamento das plantas de clasificación de envases lixeiros e de recuperación dos materiais contidos no lixo en masa.

No primeiro caso, puideron ver os mecanismos de selección dos envases depositados no contedor amarelo, utilizando para isto lectores ópticos, electroimáns, correntes de Foucault e ciclóns aspiradores. No segundo caso, comprobaron



o funcionamento da planta de recuperación de materiais, onde se segregan os materiais que foron incorrectamente depositados en

orixe no contedor da fracción resto, pero que son susceptibles de ser reciclados, para ser remitidos á industria transformadora.

## Eventos

### Mirta Sueiro participa nun xantar sectorial organizado por Cluergal

A directora xeral de Sogama, Mirta Sueiro, participou no "Energy Meeting Point", un xantar sectorial organizado por Cluergal o pasado 3 de novembro no Círculo de Empresarios de Vigo. Durante a súa intervención, destacou o labor da empresa na xestión sostible dos residuos municipais xerados na meirande parte do territorio galego e a contribución á produción enerxética da comunidade a través da valorización dos refugallos non reciclables. Con carácter previo, levouse a cabo o primeiro foro sobre biogás



e biometano en Galicia, no que interviñeron representantes de empresas e centros tecnolóxicos de referencia para dar a coñecer

o estado actual da tecnoloxía e o mercado, así como algúns dos proxectos que se están a desenvolver na comunidade.

### Javier Domínguez modera unha mesa redonda no Congreso Recuwaste

O presidente de Sogama, Javier Domínguez, moderou unha mesa redonda no Congreso Internacional Recuwaste, coa participación de dirixentes políticos de todo o país que asumen responsabilidades na xestión de residuos. Os principais eixos que, segundo os tertulianos, deben guiar a xestión dos residuos municipais durante os próximos anos pasan pola valentía e o liderado político, a colaboración público-privada, a comunicación, a descarbonización do sector, a innovación e o fomento da reparación e a reutilización como elo básico da cadea para reducir a produción de refugallos. Esta sétima edición do Congreso Recuwaste celebrouse no TecnoCampus de Mataró os días 14 e 15 de novembro baixo o lema



"A economía circular dos recursos: anticiparse ao futuro", e contou coa asistencia de 700 profesionais de

empresas, administracións públicas, consorcios público-privados e técnicos da xestión de residuos.



## Eventos

# Sogama imparte sesións formativas na Semana Europea da Prevención de Residuos

Sogama participou activamente na Semana Europea da Prevención de Residuos, que tivo lugar do 18 ao 26 de novembro, impartindo sesións formativas nos concellos de Sanxenxo, Poio, Vilanova de Arousa, O Grove, Cambados e Boiro. Nestas charlas promovouse o bo uso do contedor marrón e incidíuse na correcta separación dos residuos en orixe para propiciar o seu reciclado. Baixo o lema "O marrón, o contedor que devolve vida", explicouse, tanto á veciñanza como a grandes produtores, a razón de ser deste novo recipiente, os residuos que deben e non deben depositarse no mesmo, o necesario uso de bolsas compostables para introducir a materia orgánica, e o tratamento que esta fracción recibirá na planta de Vilanova de Arousa para ser convertida en compost.



# Curiosidades

## Novas regras para que os teléfonos sexan máis duradeiros e eficientes

A Comisión Europea aprobou unha serie de medidas para axudar aos consumidores a tomar decisións informadas e sostibles á hora de comprar teléfonos móbiles e tabletas, posibilitando que estes dispositivos sexan máis duradeiros, eficientes enerxeticamente e fáciles de reparar.

Segundo o Regulamento de etiquetaxe enerxética proposta, teléfonos intelixentes e tabletas deberán mostrar información sobre a súa eficiencia enerxética, duración da batería, protección contra o po e a auga, e resistencia a caídas accidentais. Os dispositivos producidos de acordo con estas regras aforrarán case un terzo do consumo de enerxía primaria destes produtos na actualidade, á vez que se optimizará o uso de materias primas críticas e se facilita a súa reciclaxe.




Fonte: Comisión Europea  
Imaxe: Pexels

## Entrada en vigor do novo Regulamento sobre baterías da UE

O 17 de agosto entrou en vigor o novo Regulamento sobre baterías da Unión Europea, que busca garantir que utilicen unha cantidade restrinxida de substancias nocivas, que necesiten menos materias primas de países non pertencentes á UE e que se recollan, reutilicen e reciclen en gran medida en Europa.

En liña coas ambicións climáticas do Pacto Verde Europeo, este Regulamento constitúe a primeira peza da lexislación europea que adopta un enfoque de ciclo de vida completo no que o abastecemento, a fabricación, o uso e a reciclaxe se abordan e consagran nunha soa lei.

Fonte: Comisión Europea  
Imaxe: Pixabay



## Curiosidades

### ISWA destaca a importancia da valorización enerxética

A Asociación Internacional de Residuos Sólidos (ISWA) cualifica, no seu "Libro Branco sobre Tecnoloxías de Valorización Enerxética de Residuos", a valorización enerxética como un sistema que proporciona enerxía sostible e dispoñible localmente, reduce a dependencia dos combustibles fósiles e contribúe á protección do clima ao evitar as emisións de metano dos vertedoiros. O documento proporciona unha visión conxunta dos aspectos técnicos, económicos, legislativos, institucionais, sociais e, sobre todo, ambientais, das tecnoloxías térmicas dispoñibles que producen enerxía a partir de residuos. O obxectivo é dar a coñecer os requisitos esenciais que deben cumprirse para garantir a viabilidade da construción e explotación de instalacións de valorización enerxética de residuos municipais.



Fonte e imaxe: ISWA

### Os líderes mundiais referendan o seu compromiso cos ODS

No marco do Cume dos ODS 2023, celebrada os días 18 e 19 de setembro, os líderes mundiais adoptaron unha declaración na que recoñeceron que os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible non se alcanzarán sen un impulso masivo ao investimento necesario para lograr transicións enerxéticas, alimentarias e dixitais xustas e equitativas, e para transformar a educación e a protección social nos países en desenvolvemento. O Secretario Xeral da ONU, Antónío Guterres, pediu, entre outras



cuestións, poñer fin á guerra contra a natureza e "a tripla crise planetaria" que representan o cambio climático, a contaminación e a perda de biodiversidade.

Fonte e imaxe: ONU

[Volver á portada](#)



## Curiosidades

### España desperdicia 1,2 millóns de toneladas de alimentos ao ano

Segundo Fazla (compañía especializada no desenvolvemento de solucións de xestión integral de residuos impulsadas pola tecnoloxía), o desperdicio alimentario en España alcanza os 1,2 millóns de toneladas ao ano. A compañía publicou o informe "Presente e Futuro da Xestión Integral de Desperdicio" co obxectivo de visibilizar e chamar a atención sobre o problema global do desperdicio e residuos xerados polo tecido empresarial, centrándose principalmente no desperdicio alimentario, pero tamén noutras industrias.

Nacións Unidas indica que o ecosistema alimentario é responsable de máis do 30 % das emisións globais, e o desperdicio de alimentos agrava o impacto



ambiental do mesmo. Tamén estima que un cambio cara a opcións de

reciclaxe e reutilización podería reducir as emisións en ata un 15 %.

Fonte: Residuos Profesional

Imaxe: Pixabay

### A UE prohibirá os microplásticos engadidos intencionadamente

A Comisión Europea adoptou no mes de setembro medidas que restrinxen os microplásticos agregados intencionadamente aos produtos, baixo a lexislación química da UE REACH. Isto evitará a liberación ao medio ambiente de ao redor de medio millón de toneladas de microplásticos. Prohibirase a venda como tales, así como a de produtos aos que se tiveran engadido intencionalmente e que os liberen cando se utilicen.

A restrición adoptada utiliza unha definición ampla de microplásticos, xa que cobre todas as partículas de polímeros sintéticos de menos de cinco milímetros que son orgánicas, insolubles e resistentes á degradación.



Fonte: Comisión Europea

Imaxe: Pexels

[Volver á portada](#)





## Curiosidades

### Arabia Saudita será o país anfitrión do Día Mundial do Medio Ambiente 2024

O Día Mundial do Medio Ambiente 2024, que se celebrará como cada ano o 5 de xuño, terá como país anfitrión a Arabia Saudita. A efeméride centrarase na restauración da terra, a desertificación e a resistencia á seca, como anunciou o Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA) e Arabia Saudita. Segundo a ONU, ata o 40 % das zonas terrestres do planeta están degradadas, o que afecta

directamente á metade da poboación mundial e pon en perigo a aproximadamente a metade do PIB mundial. Ademais, o número e a duración dos períodos de seca aumentaron un 29% desde o ano 2000.

Fonte: ONU  
Imaxe: Pexels



### O valor do que se tira co lixo electrónico ascende a máis de 9.400 millóns de euros

Segundo un informe de WEEE Forum, asociación internacional de Organizacións de Responsabilidade do Produtor para residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, obxectos tales como xoguets, bicicletas e ferramentas electrónicas, dispositivos USB, detectores de fume, aparellos domésticos intelixentes e LED decorativos, representan a sexta parte dos residuos electrónicos en masa e dos que se podería recuperar máis de 9.400 millóns de euros en materias primas esenciais. Moitos destes residuos conteñen litio e cobre, materias primas estratéxicas recuperables cuxa demanda segue en aumento



porque son fundamentais para a transición enerxética, a industria, a

tecnoloxía e a industria aeroespacial e de defensa, entre outras.

Fonte: Gestores de Residuos  
Imaxe: Freepik

## Curiosidades

### Os océanos rompen récords de calor

No mes de xuño rexistráronse as temperaturas medias máis altas da historia na superficie dos océanos, con récords locais desde Irlanda ata a Antártida. As razóns obedecen, segundo os expertos, a unha combinación de factores: desde a crise climática ata os ventos sobre o deserto do Sáhara.

O aumento das temperaturas mariñas pode ter un efecto devastador na vida mariña, e xa se produciron mortandades masivas de animais e plantas. Tamén pode prexudicar ás zonas terrestres, xa que provoca fenómenos meteorolóxicos extremos como tormentas e furacáns.



Fonte: ONU Medio Ambiente  
Imaxe: Pexels

### A UE propón medidas para reducir os residuos de envases plásticos

Os eurodeputados da Comisión de Medio Ambiente adoptaron a súa posición sobre unha proposta de regulamento que establece requisitos para todo o ciclo de vida dos envases, co obxectivo de reducir os residuos innecesarios, que os envases sexan máis fáciles de reutilizar e reciclar, e que se promova o uso de contido reciclado.

Apostan por prohibir a venda de bolsas de plástico moi lixeiras, a menos que sexan necesarias por razóns de hixiene ou se proporcionen como embalaxe primaria para alimentos a granel, axudando a evitar o desperdicio de alimentos. Tamén propoñen establecer obxectivos específicos de redución de residuos de envases plásticos e defenden que a parte plástica da embalaxe incorpore porcentaxes mínimas de contido reciclado.



Fonte: Parlamento Europeo  
Imaxe: Pexels



## Curiosidades

### O Parlamento Europeo quiere incentivar a reparación para reducir os residuos

A comisión de Mercado Interior e Protección do Consumidor do Parlamento Europeo adoptou a súa posición sobre un novo “dereito á reparación” para os consumidores, co fin de impulsar as reparacións durante e máis aló do período de garantía legal dun produto e promover unha cultura que axude a minimizar a xeración de residuos. Os vendedores estarían obrigados a ofrecer reparacións gratuítas dentro do período de garantía legal, excepto cando sexa máis caro que a substitución, sexa imposible de feito ou supoña un inconveniente para o consumidor. Tamén poderían ofrecer dispositivos de substitución en préstamo aos consumidores.



Fonte: Parlamento Europeo  
Imaxe: Pexels

### Recomendacións para incentivar a devolución de dispositivos electrónicos

A Comisión Europea adoptou unha serie de recomendacións para que os Estados membros incentiven a devolución de teléfonos móbiles, tabletas, computadores portátiles e os seus cargadores de refugallo. A finalidade é axudar ás autoridades nacionais a garantir os máximos índices de recollida e a posterior reutilización, reparación, reacondicionamento e recuperación destes pequenos dispositivos electrónicos, cuxo índice de recollida continúa a ser baixo. Estes dispositivos son ricos en materiais preciosos, sobre todo en materias primas críticas. De feito, un só smartphone contén terras raras, cobalto, indio, tantalio, galio e metais preciosos.



Fonte: IndustriAmbiente  
Imaxe: Pexels



## Curiosidades

# CEWEP e Ecoprog publican un informe sobre a industria de transformación de residuos en enerxía

CEWEP (Confederación Europea de Plantas de Valorización Enerxética de Residuos) e a consultora especializada Ecoprog publicaron o barómetro 2023 para a industria da transformación de residuos en enerxía, que reforza o importante papel que desempeña o sector da transformación dos residuos en enerxía nun escenario económico complexo, pois garante o tratamento de residuos con altos estándares ecolóxicos e hixiénicos, e proporciona estabilidade para o crecemento e o emprego en Europa. O informe alude á dificultade de desenvolver tecnoloxías alternativas para tratar a fracción non reciclable, atesourando a valorización enerxética un historial probado de moitas décadas. Nos próximos anos, continuará a ser un pilar indispensable para a xestión de residuos en Europa.



Fonte: CEWEP



# Receitario

## Sobrantes de acelgas para unha saborosa cea

Se ben as acelgas están repletas de vitaminas e minerais beneficioso para a nosa saúde, teñen fama de insípidas e aburridas. Pero esa idea quedará totalmente desbancada con esta proposta de receita de aproveitamento. Só hai que saber como preparalas para sacarles todo o seu potencial!

Esta receita está extraída do libro "[Sabroso reciclaje](#)", editado polo Penal de Monterroso. Recorda consultalo de cara ás festas de Nadal, para aproveitar os excedentes cos que moitas veces non sabemos que facer.

Anímate a compartir as túas re-creacións culinarias etiquetándonos en [Instagram](#), [Facebook](#), [Twitter](#) e [LinkedIn](#)!

## Pan de pita con acelgas, feixóns e champiñóns



### Ingredientes reciclados

- Sobrantes de acelgas cocidas e champiñóns



### Outros ingredientes

- Pan de pita
- Feixóns verdes
- Pemento verde e vermello
- Cebola
- Allo
- Perexil
- Cilantro
- Pementa
- Tomate frito natural
- Salsa de chile habaneiro verde
- Aceite de oliva
- Sal



### Elaboración:

1. Saltear os champiñóns con allo, perexil, sal e aceite de oliva. Reservar.
2. Saltear os feixóns verdes nunha tixola con aceite de oliva. Engadir a cebola picada e deixar que se cociña.
3. Agregar o pemento verde e vermello en tiras e saltear co cilantro picado lixeiramente para que quede con textura.
4. Engadir as acelgas picadas, os champiñóns e refogar. Agregamos sal e pementa.
5. Botamos o tomate frito natural e especias ao gusto, mesturando ben.
6. Enforamos o pan de pita, enchémolo coas verduras e engadimos a salsa de chile habaneiro verde ao gusto.

